

## Orde de selección das direccións

**CIG-Ensino segue a defender un sistema de selección en dúas fases no que prime o profesorado do centro e denuncia o desprezo da Consellaría aos ditames do Consello Escolar de Galiza**



A CIG-Ensino segue a defender un sistema no que primeiro só se presenten as candidaturas do profesorado do propio centro e posteriormente, se hai prazas desertas, un concurso aberto, pero temos claro que o decreto -aínda non publicado- non o posibilita tras a negativa da Consellaría.

Tamén nos gustaría que o curso de dirección fose un mérito e non requisito e seguimos solicitando que se elimine a entrevista e que a **avaliación ou proposta do claustro sexa vinculante**, tanto para os nomeamentos (extraordinario ou accidentas) como para a avaliación e revogación.

De manterse o requisito do curso de dirección solicitamos que o persoal docente que tivera desempeñado máis de 2 anos o posto de director/a ou catro noutro cargo directivo estea exento de facelo.

### **A Consellaría despreza o ditame do Consello Escolar de Galiza sobre**

No ditame aprobado tras o debate do proxecto do decreto de direccións no pleno do Consello Escolar de Galiza (16 de decembro de 2021) aprobouse a seguinte proposta da CIG-Ensino sobre a composición da comisión de selección:

- 2 persoas designadas pola xefatura territorial (unha da inspección e outra que exerza como directora ou director)
- 4 docentes elixidos polo claustro
- 3 representantes non docentes elixidos polo consello escolar.

No texto que se nos presenta neste borrador, aínda á espera de que se publique o decreto, non se ten en conta a opinión do Consello Escolar e se impón unilateralmente a composición que quere a Consellaría. Isto implica desprezar o máximo órgano consultivo da Consellaría e lanzar unha mensaxe clara: o goberno galego lexisla de costas ao profesorado e ao conxunto da sociedade.

Desde a CIG-Ensino exiximos respecto aos ditames e demandamos que se corrixa o artigo 5.

### **Propostas ao articulado**

**Artigo 2. 1.e.** O curso de dirección non debe ser un requisito senón un mérito. Propoñemos habilitar que unha persoa poida ser seleccionada sen ter a formación, coa obriga de realizala no 1º trimestre do curso escolar.

*A administración non acepta esta proposta.*

**Artigo 3.1.c.** Debe indicarse que o proxecto estea redactado en galego.

*A administración non acepta esta proposta.*

**Artigo 5.** Máis alá do que xa comentamos da composición da comisión, consideramos que a sede da comisión non pode ser elixida pola presidencia da Comisión xa que debe ser no propio centro, como se indica na Lei (135.2).

*A administración non vai variar a redacción, entende que é máis operativo que sexan os demais integrantes da Comisión quen se despracen e non a inspección. Para a CIG-Ensino isto é un sen sentido.*

**Artigo 6.** A Consellaría xa rectificou a composición da comisión en centros incompletos, logo da advertencia da CIG-Ensino da ilegalidade na que se incorría no borrador do ano pasado. **A decisión enfermiza da Consellaría de querer meter a**

**toda costa á inspección educativa en todas as comisións levouna a duplicar innecesariamente os integrantes, que agora son 6 en vez de 3.**

Queremos que quede claro que pasa no caso de que non haxa máis opción de que quen presenta candidatura á dirección teña que formar parte da comisión. Nos centros ordinarios (artigo 5.4) está claro que non poden formar parte. Nos centros do artigo 6 non se di nada. Cunha composición de tres persoas (1 que exerza a dirección, 1 do claustro e 1 do consello escolar) isto non sería un problema. Por iso, a CIG-Ensino defendeu e defende que nos centros incompletos non se debería elixir comisión e que fose directamente o Consello Escolar, con presenza dunha representación da Consellaría, quen seleccionase á dirección.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Artigo 7.4. Entrevista.** Mantemos que a entrevista non debe existir.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Artigo 7.6. Transparencia.** Publicación tanto da resolución provisional como definitiva das puntuacións e a selección na páxina web da Consellaría, creando unha aplicación específica como no caso das oposicións. Cada comisión colgaría na súa sección toda a documentación, aumentando a transparencia e facilitando a consulta por parte de todas as persoas interesadas. Non abonda con colgar a información no taboleiro dos centros.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

## Baremo

**Apartado 2.3.** Eliminar a puntuación por cargos de subdirector ou xefatura de servizo na Administración educativa.

[A administración non acepta a proposta.](#)

**Apartado 3.2, 3.3 e mestrados.** É obvio que existe unha polémica co tratamento que se dá en diferentes convocatorias (oposicións, concurso de traslados) a graos, licenciaturas e diplomaturas polas correspondencias desas titulacións a MECES 2 e MECES 3. Demandamos que exista en todo tipo de convocatorias un mesmo criterio e que en todas se puntúen as mesmas titulacións.

[A administración di que legalmente para estes efectos grao e licenciatura non son o mesmo. Non acepta a proposta de incluír os mestrados.](#)

**Apartado 5.** Eliminar a puntuación por formar parte do corpo de cátedras.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Apartado 6.** O proxecto non debe puntuarse. Debe ser considerado apto ou non apto.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

## Outras propostas

Seguimos reclamando que se regulen as **substitucións dos cargos**, nos casos nos que é necesario incorporar nas súas funcións a docentes que non forman parte da equipa directiva (baixas longas etc) e que sempre se paguen e contabilicen como méritos. Non pode ser que unha directora ou director colla a baixa e a persoa que os substitúa nesa función non cobre nin se lle puntúe.

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º Andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)